

CONVENCIÓN CONTRA A TORTURA E OUTROS TRATAMENTOS CRUÉIS, DESUMANOS OU DEGRADANTES

A Asemblea Xeral,

Lembrando a *Declaración sobre a Protección de Todas as Persoas contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes*, adoptada pola Asemblea Xeral na sua Resolución 3452 (XXX) de 9 de Decembro de 1975

Lembrando tamén a sua Resolución 32/62 de 8 de Decembro de 1977, na cal solicitava á Comisión dos Direitos Humanos a redacción de un proxecto de Convención contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes à luz dos principíos contidos na Declaración;

Lembrando ainda que na sua Resolución 38/119 de 16 de Decembro de 1983, solicitou á Comisión dos Direitos Humanos que completase, na sua cuadraxésima sesión, como asunto da máxima prioridade, a redacción desa Convención, con o obxectivo de submeter un proxecto, incluindo disposicións para a aplicación efectiva da futura Convención, á Asemblea Xeral, na sua trixésima nona sesión,

Tomando nota con satisfacción da Resolución da Comisión dos Direitos Humanos 1984/21 de 6 de Marzo de 1984 pola cal a Comisión decidiu transmitir á Asemblea Xeral, para apreciación, un proxecto de Convención contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes, contido no anexo ao relatório do Grupo de Traballo.

Desexosa de alcanzar unha aplicación mais eficaz da proibición nos termos do direito internacional e nacional, da práctica de tortura ou outras penas e tratamentos crueis, desumanos ou degradantes,

1. Expressa o seu aprezo polo traballo realizado pola Comisión dos Direitos Humanos ao preparar o texto de un proxecto de Convención contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes,
2. Adopta e abre á asinatura, ratificación e adesión, a Convención contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes, contida no anexo á presente Resolución,
3. Solicita a todos os Gobernos que consideren a asinatura e a ratificación da Convención como un asunto prioritario.

93.^a Sesión Plenária da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.
10 de Decembro de 1984

Os Estados partes na presente Convención:

Considerando que, en conformidade con os princípios enunciados na *Carta das Nacións Unidas*, o recoñecimento de direitos iguais e inalienáveis de todas as persoas é o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz no Mundo;

Recoñecendo que eses direitos resultan da dignidade inherente ao ser humano;

Considerando que os Estados devén, en conformidade con a Carta, en especial con o seu Artigo 55.º, encoraxar o respeito universal e efectivo dos direitos humanos e das liberdades fundamentais;

Tendo en consideración o Artigo 5.º da *Declaración Universal dos Direitos Humanos* e o Artigo 7.º do *Pacto Internacional Relativo aos Direitos Civis e Políticos*, que preconizan que ningúen deverá ser submetido a tortura ou a penas ou tratamentos crueis, desumanos ou degradantes;

Tendo igualmente em consideración a *Declaración sobre a Protección de Todas as Pessoas contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamientos Cruéis, Desumanos ou Degradantes*, adoptada pola Asemblea Xeral a 9 de Decembro de 1975;

Desexosos de aumentar a eficácia da luta contra a tortura e outras penas ou tratamentos crueis, desumanos ou degradantes en todo o Mundo;

Acordaran no seguinte:

PARTE I

Artigo 1.º

1. Para os fins da presente Convención, o termo “tortura” significa calquer acto por medio do cal unha dor ou sofrimentos agudos, físicos ou mentais, son intencionalmente causados a unha persoa con o fin de, nomeadamente, obter dela ou de uma terceira persoa informacións ou confisións, castigá-la por un acto que ela ou uma terceira persoa cometeu ou se suspeita que teña cometido, intimidar ou presionar esa ou unha terceira persoa, ou por calquer outro motivo baseado nunha forma de discriminación, sempre que esa dor ou esos sofrimentos sexan inflixidos por um axente público ou calquer outra persoa que actue a título oficial, instigado por el ou con o seu consentimento expreso ou tácito. Este termo non comprende a dor ou os sofrimentos resultantes únicamente de sancións lexítimas, inherentes a esas sancións ou por elas ocasionados.
2. O presente artigo non prexudica a aplicación de calquer instrumento internacional ou lei nacional que conteña ou poda vir a conter disposicións de ámbito mais vasto.

Artigo 2.º

1. Os Estados parte tomarán as medidas lexislativas, administrativas, xudiciais ou caisquer outras que parezan eficaces para impedir que se cometan actos de tortura en calquer territorio sob a sua xurisdición.

2. Nengunha circunstância excepcional, calquer que sexa, quer se trate de estado de guerra ou de ameaza de guerra, de instabilidade política interna ou de outro estado de excepción, poderá ser invocada para xustificar a tortura.
3. Nengunha orden de un superior ou de unha autoridade pública poderá ser invocada para xustificar a tortura.

Artigo 3.º

1. Nengun Estado parte expulsará, entregará ou extraditará unha persoa a outro Estado cando existam motivos sérios para crer que poda ser submetida a tortura.
2. A fin de determinar a existéncia de tais motivos, as autoridades competentes terán en conta todas as consideracións pertinentes, incluindo, eventualmente, a existéncia no referido Estado de un conxunto de violacións sistemáticas, graves, flagrantes ou masivas dos dereitos humanos

Artigo 4.º

1. Os Estados parte providenciarán para que todos os actos de tortura sexan considerados infraccións ao abrigo do seu direito criminal. O mesmo deverá ser observado relativamente à tentativa de práctica de tortura ou de un acto cometido por calquer persoa que constitua cumplicidade ou participación no acto de tortura.
2. Os Estados parte providenciarán no sentido de que esas infraccións sexan pasíveis de penas adecuadas à sua gravidade.

Artigo 5.º

1. Os Estados parte deverán tomar as medidas necesárias para establecer a sua competéncia relativamente às infraccións previstas no artigo 4.º nos seguintes casos:
 - a) Sempre que a infracción teña sido cometida en calquer territorio sob a sua xurisdición ou a bordo de unha nave ou navio rexistados nese Estado;
 - b) Sempre que o presumível autor da infracción sexa un nacional dese Estado;
2. Os Estados parte deverán igualmente tomar as medidas necesárias con vista a establecer a sua competéncia relativamente às referidas infraccións sempre que o autor presumido se encontre en calquer territorio sob a sua xurisdición e non se proceda à sua extradición, en conformidade con o Art. 8.º, para un dos Estados mencionados no n.º 1 do presente artigo.
3. As disposicións da presente Convención non prexudican calquer competéncia criminal exercida en conformidade con as leis estatais.

Artigo 6.º

1. Sempre que consideren que as circunstancias o xustifican, despois de teren examinado as informacions de que disponen, os Estados parte em cuxo territorio se encontren persoas suspeitas de teren cometido calquer das infraccions previstas no artigo 4.^º deveran asegurar a detención das persoas ou tomar caisquer outras medidas legais necesarias para asegurar a sua presenza. Tanto a detención como as medidas a tomar deverán ser conformes á lexislación dese Estado e só poderán ser mantidas durante o período de tempo necesario á elaboración do respectivo proceso criminal ou de extradición.
2. Os referidos Estados deverán proceder imediatamente a un inquérito preliminar con vista ao esclarecimento dos feitos.
3. Calquer persoa detida en conformidade con o n.^º 1 do presente artigo poderá entrar imediatamente en contacto con o mais próximo representante calificado do Estado do cal sexa nacional ou, tratando-se de apátrida, con o representante do Estado en que resida habitualmente.
4. Sempre que un Estado deteña unha persoa, en conformidade con as disposicións do presente artigo, deberá imediatamente notificar aos Estados mencionados no n.^º 1 do artigo 5.^º esa detención e as circunstancias que a motivaran. O Estado que proceder ao inquérito preliminar referido no n.^º 2 do presente artigo comunicará aos referidos Estados, o mais rapidamente posible, as conclusións dese inquérito e se pretende ou non exercer a sua competéncia.

Artigo 7.^º

1. Se o autor presumido de unha das infraccions referidas no artigo 4.^º for encontrado no territorio sob xurisdición de un Estado parte que non o extradite, ese Estado submeterá o caso, nas condicóns previstas no artigo 5.^º, ás suas autoridades competentes para o exercicio da acción criminal.
2. Estas autoridades tomarán unha decisión en condicóns idénticas ás de calquer infracción de direito comun de carácter grave, en conformidade con a lexislación dese Estado. Nos casos previstos no n.^º 2 do artigo 5.^º, as normas relativas á produción de prova aplicábeis ao procedimento e á condena non deverán ser, de modo algun, menos rigorosas que as aplicábeis nos casos mencionados no n.^º 1 do artigo 5.^º
3. Calquer persoa acusada da práctica de unha das infraccions previstas no artigo 4.^º beneficiará da garantía de un tratamento xusto en todas as fases do proceso.

Artigo 8.^º

1. As infraccions previstas no artigo 4.^º serán consideradas incluídas en calquer tratado de extradición existente entre os Estados parte. Estes comprometen-se a incluir esas infraccions en calquer tratado de extradición que veña a ser concluído entre eles.
2. Sempre que a un Estado parte que condiciona a extradición á existencia de un tratado for apresentada unha solicitude de extradición por outro Estado parte con o cal non teña celebrado calquer tratado de extradición, ese Estado pode considerar a presente Convención

como base xurídica da extradición relativamente a esas infraccións. A extradición ficará suxeita ás demais condicións previstas pola lexislación do Estado requerido.

4. Os Estados parte que non condicionan a extradición á existencia de un tratado deverán recoñecer esas infraccións como casos de extradición entre eles nas condicións previstas pola lexislación do Estado requerido.
5. Para fins de extradición entre os Estados parte, tais infraccións serán consideradas como cometidas tanto no lugar en que foi perpetrada como no territorio sob xurisdición dos Estados cuxa competéncia deve ser establecida ao abrigo do n.º 1 do artigo 5.º .

Artigo 9.º

1. Os Estados partes comprometen-se a prestar toda a colaboración posíbel en calquer proceso criminal relativo ás infraccións previstas no artigo 4.º, incluíndo a transmisión de todos os elementos de prova de que disponen necesarios ao proceso.
2. Os Estados partes deverán cumprir o disposto no n.º 1 do presente artigo en conformidade con calquer tratado de asisténcia xudiciaria en vigor entre eles.

Artigo 10.º

1. Os Estados partes deverán providenciar para que a instrución e a información relativas á proibición da tortura constituam parte integrante da formación do persoal civil ou militar encarregado da aplicación da lei, do persoal médico, dos axentes da función pública e de caisquer outras persoas que podan intervir na guarda, no interrogatório ou no tratamiento dos individuos suxeitos a calquer forma de prisión, detención ou encarceramento.
2. Os Estados partes deverán incluir esta proibición nas normas ou instruccións emitidas relativamente ás obligacións e atribucións das persoas referidas no n.º 1.

Artigo 11.º

Os Estados partes deverán exercer unha vixilancia sistemática relativamente á aplicación das normas, instruccións, métodos e prácticas de interrogatório, e igualmente das disposicións relativas á guarda e ao tratamiento das persoas suxeitas a calquer forma de prisión, detención ou encarceramento, en todos os territorios sob a sua xurisdición, a fin de evitar calquer caso de tortura.

Artigo 12.º

Os Estados partes deverán providenciar para que as suas autoridades competentes procedan imediatamente a un rigoroso inquérito sempre que existam motivos razoábeis para crer que un acto de tortura foi praticado en calquer territorio sob a sua xurisdición.

Artigo 13.º

Os Estados parte deverán garantir ás persoas que aleguen ter sido submetidas a tortura en calquer territorio sob a sua xurisdición o direito de apresentar queixa perante as autoridades competentes deses Estados, que procederán de imediato ao exame rigoroso do caso. Deverán ser tomadas medidas para asegurar a protección do queixoso e das testemuñas contra maus tratos ou intimidacións en virtude da presentación da queixa ou da prestación de declaracóns.

Artigo 14.^º

1. Os Estados parte deverán providenciar para que o seu sistema xurídico garanta á vítima de un acto de tortura o direito de obter unha reparación e de ser indemnizada en termos adecuados, incluindo os meios necesarios á sua completa reabilitación. En caso de morte da vítima como consecuencia de un acto de tortura, a indemnización reverterá a favor dos seus herdeiros.
2. O presente artigo non exclui calquer direito a indemnización que a vítima ou outra persoa podan ter por forza das leis nacionais.

Artigo 15.^º

Os Estados parte deverán providenciar para que calquer declaración que se prove ter sido obtida pola tortura non poda ser invocada como elemento de prova nun proceso, salvo se for utilizada contra a persoa acusada da práctica de tortura para provar que a declaración foi feita.

Artigo 16.^º

1. Os Estados parte comprometen-se a proibir, en todo o territorio sob a sua xurisdición, caisquer outros actos que constituan penas ou tratamentos crueís, desumanos ou degradantes e non sexan actos de tortura, tal como é definida no Art. 1.^º, sempre que tais actos sexan cometidos por um axente público ou calquer outra persoa que actue a título oficial, instigada por ela ou com o seu consentimento expreso ou tácito. Nomeadamente, as obligacións previstas nos Art. 10.^º, 11.^º, 12.^º e 13.^º deverán ser aplicadas substituindo a referencia á tortura pola referencia a outras formas de penas ou tratamento crueís, desumanos ou degradantes.
2. As disposicións da presente Convención non prexudican a aplicación das disposicións de calquer outro instrumento internacional ou da lei nacional que proíbam as penas ou tratamentos crueís, desumanos ou degradantes ou digan respeito á extradición ou a expulsión.

PARTE II

Artigo 17.^º

1. Formará-se un Comité contra a tortura (a partir de agora designado Comité), que terá as funcións que a seguir se definen. O Comité estará composto por dez peritos de elevado sentido moral e recoñecida competéncia no domínio dos direitos humanos e terán asento a título persoal. Os peritos serán eleitos polos Estados parte tendo en conta unha distribución

xeográfica equitativa e o interese que representa a participación nos traballos do Comité de persoas con experiencia xurídica.

2. Os membros do Comité serán eleitos por escrutínio secreto de unha lista de candidatos designados polos Estados parte. Cada Estado parte poderá designar un candidato escollido de entre os seus nacionais. Os Estados parte deverán ter en conta a conveniencia de designar candidatos que sexan igualmente membros do Comité dos Dereitos Humanos, instituído en virtude do Pacto Internacional Relativo aos Dereitos Civis e Políticos, e que estexan dispostos a facer parte do Comité contra a Tortura.
3. Os membros do Comité serán eleitos nas reunións bienais dos Estados parte, convocadas polo Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. Nelas reunións, en que o quorum será constituído por dois terzos dos Estados parte, serán eleitos membros do Comité os candidatos que obtiveren o maior número de votos e a maioria absoluta dos votos dos representantes dos Estados parte presentes e votantes.
4. A primeira elección terá lugar, o mais tardar, seis meses despois da data de entrada en vigor da presente Convención. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas enviará unha carta aos Estados parte, con polo menos catro meses de antecedencia sobre a data de cada elección, convidando-os a apresentar as suas candidaturas nun prazo de tres meses. O Secretario-Xeral preparará unha lista por orde alfabética de todos os candidatos así designados, con indicación dos Estados parte que os indicaran, e enviará esta lista aos Estados parte.
5. A primeira elección terá lugar, o mais tardar, seis meses despois da data de entrada en vigor da presente Convención. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas enviará unha carta aos Estados parte, con polo menos catro meses de antecedencia sobre a data de cada elección, convidando-os a apresentar as suas candidaturas nun prazo de tres meses. O Secretario-Xeral preparará unha lista por orde alfabética de todos os candidatos así designados, con indicación dos Estados parte que os indicaran, e enviará esta lista aos Estados parte.
5. Os membros do Comité serán eleitos por catro anos. Poderán ser re-eleitos se foren novamente designados. No entanto, o mandato de cinco dos membros eleitos na primeira elección terminará ao fin de dois anos; imediatamente despois da primeira elección, o nome deses cinco membros será tirado à sorte polo presidente da reunión mencionada no n.º 3 do presente artigo.
6. No caso de un membro do Comité falecer, demitir-se das suas funcións ou non poder, por calquer motivo, desempeñar as suas atribucións no Comité, o Estado parte que o designou nomeará, de entre os seus nacionais, outro perito que cumplirá o tempo restante do mandato, sob reserva da aprobación da maioria dos Estados parte. Esta aprobación será considerada como obtida, salvo se metade ou mais dos Estados parte emitiren unha opinión desfavorável nun prazo de seis semanas a contar da data em que foren informados polo Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas do nomeamento proposto.

Artigo 18.º

1. O Comité elixerá o seu gabinete por um período de dois anos, podendo os membros do gabinete ser re-eleitos.

2. O Comité elaborará o seu regulamento interno, do cal deverán constar, entre outras, as seguintes disposicións:
 - a) O quorum será de seis membros;
 - b) As decisións do Comité serán tomadas pola maioria dos membros presentes.
3. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas porá à disposición do Comité o persoal e as instalacións necesarios para o desempeño eficaz das funcións que lle serán confiadas ao abrigo da presente Convención.
7. Os membros do comité constituído ao abrigo da presente Convención receberán emolumentos provenientes dos recursos financeiros das Nacións Unidas nos termos e condicións que a Asemblea Xeral decidir.
5. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas convocará os membros do Comité para a primeira reunión. Despois da primeira reunión, o Comité reunirá-se nas ocasións previstas polo seu regulamento interno.

Artigo 19.^o

1. Os Estados parte apresentarán ao Comité, através do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, relatórios sobre as medidas que teñan tomado para cumplir os compromisos asumidos ao abrigo da presente Convención no prazo de un ano a contar da data de entrada en vigor da presente Convención relativamente ao Estado parte interesado. Posteriormente, os Estados parte apresentarán relatórios complementares, de catro en catro anos, sobre caisquer novas medidas tomadas e todos os relatórios que solicite o Comité.
2. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas transmitirá os referidos relatórios a todos os Estados parte.
3. Os relatórios serán analisados polo Comité, que poderá fazer-lles os comentários de orde xeral que considere apropiados, transmitindo, de seguida, eses comentários aos Estados parte interesados. Estes Estados poderán comunicar ao Comité, en resposta, todas as observacións que consideren úteis.
4. O Comité poderá tomar a decisión de reproducir no relatório anual, a elaborar en conformidade con o artigo 24.^o, todos os comentários por el formulados nos termos do n.^o 3 do presente artigo, acompañados das observacións transmitidas polos Estados parte. En caso de os Estados parte interesados o solicitaren, o Comité poderá, igualmente, reproducir o relatório apresentado ao abrigo do n.^o 1 do presente artigo.

Artigo 20.^o

1. Caso o Comité receba informacións que parezam conter indicacións ben fundadas de que a tortura é sistematicamente praticada no territorio de un Estado parte, convidará o referido Estado a cooperar na análise desas informacións e, para ese fin, a comunicar-lle as suas observacións sobre esa cuestión.

2. Tendo en consideración todas as observacións que o Estado parte interesado teña, eventualmente, apresentado, así como as demais informacións pertinentes de que dispoña, o Comité poderá, caso o xulgue necesario, encarregar un ou mais dos seus membros procederen a un inquérito confidencial, presentando o respectivo relatório ao Comité con a máxima urxencia.
3. Caso se efectue un inquérito ao abrigo do disposto no n.º 2 do presente artigo, o Comité procurará obter a cooperación do Estado parte interesado. Por acordo con ese Estado parte, o referido inquérito poderá englobar unha visita ao seu territorio.
4. Despois de ter examinado as conclusións do relatório apresentado polo membro ou membros, de acordo con o n.º 2 do presente artigo, o Comité transmitirá esas conclusións ao Estado parte interesado, acompañadas de todos os comentários ou suxestións que o Comité considere apropiados á situación.
5. Todos os traballos elaborados polo Comité a que se fai referencia nos núms. 1 a 4 do presente artigo terán carácter confidencial, procurando-se obter a cooperación do Estado parte nas varias etapas dos traballos. Concluídos os traballos relativos a un inquérito elaborado nos termos do disposto no nº 2, o Comité poderá, despois de consultar o Estado parte interesado, decidir integrar un resumo sucinto dos resultados deses traballos no relatório anual a elaborar en conformidade con o artigo 24.º

Artigo 21.º

1. Calquer estado parte na presente Convención poderá, en conformidade con o presente artigo, declarar en calquer momento que recoñece a competéncia do Comité para receber e analisar comunicacións dos Estados parte no sentido de que calquer Estado parte non cumpre as suas obrigacións decorrentes da presente Convención. Tais comunicacións só serán recibidas e analisadas, nos termos do presente artigo, se procederen de un Estado parte que teña feito unha declaración recoñecendo, no que lle di respeito, a competéncia do Comité. Este non analisará as comunicacións relativas a Estados partes que non teñan feito a referida declaración. Às comunicacións recibidas ao abrigo do presente artigo aplicará-se o seguinte procedimento:
 - a) Se un Estado parte na presente Convención considerar que outro Estado igualmente parte non aplica as disposicións da Convención, poderá chamar a atención dese Estado, por comunicación escrita, sobre a cuestión. Nun prazo de tres meses a contar da data da recepción da comunicación, o Estado destinatario fornecerá ao Estado que enviou a comunicación explicacións ou caisquer outras declaracións escritas sobre a cuestión, as cais deverán conter, na medida do posíbel e conveniente, indicacións sobre as suas normas procesuais e sobre as vias de recurso xa utilizadas, pendentes ou ainda posíveis;
 - b) Se, nun prazo de seis meses a contar da data da recepción da comunicación inicial polo Estado destinatario, a cuestión ainda non estiver regulada a contento dos dois Estados parte interesados, tanto un como o outro poderán submeter a cuestión ao Comité, por medio de notificación, enviando igualmente unha notificación ao outro Estado parte interesado;

- c) O Comité só poderá analisar unha cuestión a ele submetida ao abrigo do presente artigo depois de se ter certificado de que foran utilizados exaustivamente todos os recursos internos disponíveis, de acordo con os principíos de direito internacional xeralmente recoñecidos. Esta regra non se aplicará aos casos en que os procesos de recurso excedan prazos razoábeis, nem cando sexa pouco provável que os procesos de recurso veñan a compensar a persoa vítima de violación da presente Convención;
- d) As comunicacóns previstas no presente artigo serán analisadas polo Comité en sesións à porta fechada;
- e) Sen prexuízo do disposto na alínea c), o Comité ficará à disposición dos Estados partes interesados, con vista á obtención de unha solución amigável da cuestión, tendo por base o respeito das obrigacións previstas pola presente Convención. Para ese fin, o Comité poderá, caso considere oportuno, establecer unha comisión de conciliación ad hoc;
- f) O Comité poderá solicitar aos Estados partes interesados, mencionados na alínea b), que lle proporcionen todas as informacóns pertinentes de que disponan relativamente a calquer asunto que lle sexa submetido nos termos do presente artigo;
- g) Os Estados partes interesados, mencionados na alínea b), teñen o direito de se facerem representar, sempre que un caso sexa analisado polo Comité, ben como de apresentarem as suas observacións, oralmente ou por escrito, ou de ambas as formas;
- h) O Comité deverá apresentar um relatório nun prazo de doce meses a contar da data da recepción da notificación referida na alínea b): i) se for posible alcanzar unha solución de acordo con as disposicións da alínea e), o Comité poderá limitar-se, no seu relatório, a unha breve exposición dos feitos e da solución alcanzada; ii) se non for posible encontrar unha solución de acuerdo con as disposicións da alínea e), o Comité limitará-se, no seu relatório, a unha breve exposición dos feitos. O texto con as observacións escritas, así como o rexisto das observacións orais apresentadas polos Estados partes interesados, serán anexados ao relatório.

Os Estados partes interesados receberán o relatório de cada caso.

2. As disposicións do presente artigo entrarán en vigor logo que cinco Estados parte na presente Convención teñan feito a declaración prevista no n.º 1 do presente artigo. A referida declaración será depositada polo Estado parte xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, quien transmitirá cópia aos outros Estados partes. As declaracóns poderán ser retiradas en calquer momento mediante notificación dirixida ao Secretario-Xeral. Tal retirada non prexudicará a análise de calquer cuestión xa comunicada ao abrigo do presente artigo. O Secretario-Xeral non receberá nengunha comunicación de un Estado parte que xa teña notificado a retirada da sua declaración, salvo se ese Estado parte tiver apresentado uma nova declaración.

Artigo 22.º

1. Calquer Estado parte na presente Convención poderá, ao abrigo do presente artigo, declarar en calquer momento que reconoce a competéncia do Comité para receber e analisar as comunicacóns apresentadas por ou en nome de particulares suxeitos á sua xurisdición e que afirmen teren sido vítimas de violación, por un Estado parte, das disposicións da

Convención. O Comité non aceitará comunicación referentes a Estados parte que non teñan feito a referida declaración.

2. O Comité deverá declarar inaceitáveis as comunicacións apresentadas ao abrigo do presente artigo que sexan anónimas ou que considere constituíren un abuso do direito de presentación de tales comunicación, ou ainda que sexan incompatíveis con as disposicións da presente Convención.
2. Sen prexuízo do disposto no n.º 2, o Comité dará a coñecer calquer comunicación, que lle sexa apresentada ao abrigo do presente artigo, ao Estado parte na presente Convención que teña feito unha declaración ao abrigo do n.º 1 e teña, alegadamente, violado algunha das disposicións da presente Convención. Nos seis meses seguintes, o referido Estado apresentará por escrito ao Comité as explicacións ou declaracións que esclarezan a cuestión, indicando, se for o caso, as medidas que poderían ter sido tomadas a fin de solucionar a cuestión.
4. O Comité analisará as comunicacións recibidas ao abrigo do presente artigo, tendo en consideración todas as informacións submetidas por ou en nome de un particular e polo Estado parte interesado.
5. O Comité só analisará a información de un particular, de acordo con o presente artigo, despois de se certificar que:
 - a) Esa cuestión non constitui obxecto de análise por parte de outra instancia internacional de inquérito ou de decisión;
 - b) O particular xa esgotou todos os recursos internos disponíveis; esta norma non se aplicará aos casos en que os procesos de recurso excedan prazos razoábeis, nen cando sexa pouco provável que os procesos de recurso veñan a compensar a persoa vítima de violación da presente Convención.
6. As comunicacións previstas no presente artigo serán analisadas polo Comité en sesións à porta fechada.
7. O Comité comunicará as suas conclusións ao Estado parte interesado e ao particular.
8. As disposicións do presente artigo entrarán en vigor logo que cinco Estados parte na presente Convención teñan feito a declaración prevista no n.º 1 do presente artigo. A referida declaración será depositada polo Estado parte xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, o cal transmitirá cópia aos outros Estados parte. As declaracións poderán ser retiradas en calquer momento mediante notificación dirixida ao Secretario-Xeral. Tal retirada non prexudicará a análise de calquer cuestión xa comunicada ao abrigo do presente artigo; non será, contodo, aceitada nengunha comunicación apresentada por ou en nome de un particular ao abrigo da presente Convención, despois de o Secretario-Xeral ter recibido notificación da retirada da declaración, excepto se o Estado parte interesado apresentar unha nova declaración.

Artigo 23.º

Os membros do Comité e os membros das comisións de conciliación ad hoc que foren nomeados de acordo con as disposicións da alínea e) do n.º 1 do Art. 21.º gozarán das facilidades, dos priviléxios e das imunidades concedidos aos peritos en misión para a Organización das

Nacións Unidas, tal como son enunciados nas respectivas secções da Convención sobre os Priviléxios e Imunidades das Nacións Unidas.

Artigo 24.^º

O Comité apresentará aos Estados parte e à Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas un relatório anual sobre as actividades xa emprendidas en aplicación da presente Convención.

PARTE III

Artigo 25.^º

1. A presente Convención fica aberta à asinatura de todos os Estados.
2. A presente Convención fica suxeita a ratificación. Os instrumentos de ratificación serán depositados xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 26.^º

Calquer Estado poderá aderir à presente Convención. A adesión será feita mediante depósito de un instrumento de adesión xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 27.^º

1. A presente Convención entrará en vigor no 30.^º dia a partir da data do depósito do 20.^º instrumento de ratificación ou de adesión xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.
2. Para os Estados que ratificaren a Convención ou a ela aderiren despois do depósito do 20.^º instrumento de ratificación ou adesión, a presente Convención entrará en vigor no 30.^º dia a partir da data do depósito por ese Estado do seu instrumento de ratificación ou de adesión.

Artigo 28.^º

1. Calquer Estado poderá, no momento da asinatura, ratificación ou adesión da presente Convención, declarar que non recoñece a competéncia concedida ao Comité nos termos do artigo 20.^º
2. Calquer Estado parte que teña formulado unha reserva en conformidade con as disposicións do n.^º 1 do presente artigo poderá, en calquer momento, retirar esa reserva mediante notificación dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 29.^º

1. Calquer Estado parte na presente Convención poderá propor unha alteración e depositar a sua proposta xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. O Secretario-Xeral transmitirá a proposta de alteración aos Estados partes, solicitando-lles que comuniquen se son favorábeis à realización de unha conferéncia de Estados partes para

analisaren a proposta e para a votaren. Se, nos catro meses que se seguiren á referida comunicación, polo menos um terzo dos Estados partes se pronunciaren a favor da realización da referida conferéncia, o Secretario-Xeral organizará a conferéncia sob os auspícios da Organización das Nacións Unidas. Calquer alteración adoptada pola maioria dos Estados parte presentes e votantes na conferéncia será submetida polo Secretario-Xeral á aceitación de todos os Estados parte.

2. Calquer alteración adoptada de acordo con as disposicións do n.º 1 do presente artigo entrará en vigor logo que dois terzos dos Estados partes na presente Convención teñan informado o Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas de que a aceitan, en conformidade con o procedimento establecido nas suas constitucións.
3. Logo que as alteracións entren em vigor, terán carácter obligatório para todos os Estados parte que as aceitaran, ficando os outros Estados parte vinculados polas disposicións da presente Convención e por caisquer alteracións anteriores que teñan aceitado.

Artigo 30.º

1. Calquer diferendo entre dois ou mais Estados partes relativo á interpretación ou aplicación da presente Convención que non poda ser regulado por via de negociacion será submetido a arbitraxe, a pedido de un dos Estados parte. Se, nun prazo de seis meses a contar da data do pedido de arbitraxe, as partes non chegaren a acordo sobre a organización da arbitraxe, calquer dos Estados parte poderá submeter o diferendo ao Tribunal Internacional de Xustiza, apresentando un pedido en conformidade con o Estatuto do Tribunal.
2. Os Estados poderán, no momento da asinatura, ratificación ou adesión da presente Convención, declarar que non se consideran vinculados polas disposicións do n.º 1 do presente artigo. Os outros Estados parte non ficarán vinculados polas referidas disposicións relativamente aos Estados parte que teñan feito tal reserva.
3. Calquer Estado parte que teña formulado unha reserva en conformidade con as disposicións do n.º 2 do presente artigo poderá, en calquer momento, retirar esa reserva mediante notificación dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 31.º

1. Calquer Estado parte poderá denunciar a presente Convención mediante notificación escrita dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. A denúncia producirá efectos un ano depois da data en que o Secretario-Xeral teña recibido a notificación.
2. Tal denúncia non eximirá o Estado parte das obrigacións que lle incumban en virtude da presente Convención, no que se refere a calquer acto ou omisión cometidos antes da data en que a denúncia producir efectos, nen obstará á continuación da análise de calquer cuestión xa presentada ao Comité á data en que a denúncia producir efectos.
3. Despois da data en que a denúncia feita por um Estado parte producir efectos, o Comité non se encarregará do exame de calquer nova cuestión relativa a ese Estado.

Artigo 32.º

O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas notificará todos os Estados membros da Organización das Nacións Unidas, ben como todos os Estados que teñan asinado a presente Convención ou que a ela teñan aderido:

- a) Das asinaturas, ratificacións e adesións recibidas en conformidade con os Art. 25.º e 26.º;
- b) Da data de entrada en vigor da Convención en conformidade con o Art. 27.º, ben como da data de entrada en vigor de calquer alteración en conformidade con o Art. 29.º;
- c) Das denúncias recibidas en conformidade con o Art. 31.º

Artigo 33.º

1. A presente Convención, cuxos textos en inglés, árabe, chinés, español, francés e ruso fan igualmente fé, será depositada xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.
2. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas enviará cópia certificada da presente Convención a todos os Estados.